



ORDE CIRCULAR 1/2004.

ASUNTO: Modificación da Orde Circular 1/1996, do 27 de xuño, do Director Xeral de Obras Públicas, sobre a tramitación de autorizacións de estacións de servizos.

Segundo a Orde Circular 1/1992, do 25 de maio, as autorizacións ou denegacións dos emprazamentos das estacións de servizo na Rede de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia correspóndelle á Dirección Xeral de Obras Públicas.

Na Orde Circular 1/1996, do 27 de xuño, emitida polo Director Xeral de Obras Públicas, estableceuse, que “...é obrigatorio a remisión á Dirección Xeral de Obras Públicas do Certificado de Idoneidade que, unha vez aprobado por esta Dirección Xeral e remitido ós Servizos Provinciais de Estradas, posibilitará ó Servizo a cumprir a Acta Final de Obras e posteriormente ó interesado o inicio da actividade mercantil”.

A presente Orde Circular substitúe á Orde Circular 1/1996, de xeito que se aclare e se simplifique a tramitación de autorizacións de estacións de servizos, polo que, a partir da presente data aplicaranse os pasos seguintes:

Unha vez terminadas as obras relativas a unha estación de servizo, previamente autorizadas e replanteadas, o interesado deberá notificar ó Servizo Provincial de Estradas este extremo, de xeito que se poida levantar unha acta onde se especifique se as obras realizadas se axustan ó condicionado da resolución de autorización correspondente e ó proxecto aprobado, ou pola contra, faga constar os reparos que entenda oportunos que deban ser corrixiados.

Existen polo tanto dúas posibilidades:



I.- CONFORMIDADE DAS OBRAS.

No caso de que as obras realizadas si se axusten ó condicionado da resolución de autorización correspondente e ó proxecto aprobado, a acta levantada denominarase **acta de conformidade das obras**. Esta acta acompañarase cun **plano de recoñecemento final das obras**.

Ambos documentos, acta e plano, deberán ir asinados polas seguintes persoas:

- 1.- Por parte do promotor da estación de servizo:
 - O titular da autorización para a instalación da estación de servizo.
 - O enxeñeiro director da obra realizada.
- 2.- Por parte da Administración:
 - O enxeñeiro designado polo Servicio Provincial que levou o seguimento das obras.
 - O visto bo do Xefe do Servicio Provincial de Estradas.

Unha vez emitidos, acta e plano deberanse remitir polo Servicio Provincial de Estradas á Subdirección Xeral de Estradas para que esta Dirección Xeral emita a **resolución de autorización definitiva da explotación**, onde se outorgará o permiso definitivo de apertura ó uso público dos accesos á estrada ou á vía de servizo, dándose por aprobados a acta de conformidade e o plano de recoñecemento final das obras.

A resolución da autorización definitiva da explotación notificarase ó interesado e ó Servicio Provincial de Estradas pola Subdirección Xeral de Estradas.

II.- DESCONFORMIDADE DAS OBRAS.

No caso de que as obras realizadas non se axusten ó condicionado da resolución de autorización correspondente e ó proxecto aprobado, a acta levantada denominarase **acta de desconformidade das obras**. Na redacción desta acta, o Servicio Provincial vulgará o grao de diferencias existentes entre as construídas e as autorizadas, recollidas no proxecto aprobado.

Se as diferencias atopadas foran importantes, a acta de desconformidade recollerá este extremo debéndose comunicar seguidamente á Subdirección Xeral de Estradas desta



Dirección Xeral para que se estudie se procede a nulidade da autorización concedida por incumprimento do seu condicionado.

Se as diferencias atopadas foran pequenas e facilmente subsanables, a acta de desconformidade recollerá qué deficiencias se atoparon e o prazo que se lle concede ó interesado para que se corrixa, debéndose comunicar seguidamente á Subdirección Xeral de Estradas desta Dirección Xeral. Esta acta de desconformidade das obras deberá ir asinada polas mesmas persoas que no caso da acta de conformidade das obras. Unha vez que as deficiencias sexan emendadas, procederase ó levantamento da acta de conformidade das obras, segundo o establecido no apartado correspondente da presente Orde Circular.

Polo tanto e en conclusión, non se poderá abrir á explotación un acceso ou vía de servizo dunha estación de servizo sen que esta Dirección Xeral o autorice mediante resolución.

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2004

O director xeral de Obras Públicas

Asdo: Agustín Hernández Fernández de Rojas